

BASES DO CONCURSO EN FACEBOOK, TWITTER E INSTAGRAM “CARBALLO DENDE A TÚA VENTÁ”:

OBXECTIVO:

A Concellaría de Promoción económica e Turismo do Concello de Carballo, a través da súas páxinas de Facebook, Twitter e Instagram de Turismo Carballo, convoca un concurso de fotografías con texto co obxecto de visibilizar, compartir e dar a coñecer recunchos das paisaxes urbanas e rurais do noso concello a través da mirada dos nosos veciños e veciñas, do que ven dende as súas ventás, balcóns, terrazas, eiras e xardíns.

PARTICIPACIÓN:

- Poderá participar calquera persoa residente en Carballo maior de 18 anos.
- As persoas interesadas en participar enviarán as fotografías acompañadas dun pequeno texto que non supere os 280 caracteres, no que se expoñerá o que inspira a paisaxe retratada dende unha perspectiva creativa, tanto nas imaxes coma nos textos que as acompañen.
- As imaxes deben retratar un espazo exterior (rural ou urbano) do Concello de Carballo e deben ser acordes coa finalidade da campaña para retratar e visibilizar de forma positiva os recursos turísticos da localidade.
- As fotografías cos textos deben enviarse ao correo turismo@carballo.gal ou por whatsapp ao teléfono 698156402 co hashtag #CarballoDendeaTúaVentá. Incluirase o nome e apelido da persoa participante, así como unha pequena descrición de cando e onde foi sacada a fotografía.
- O prazo de presentación remata o día 10 de maio de 2020.
- As fotografías recibidas publicaranse na rede social Facebook, Twitter e Instagram de Turismo Carballo. En ningún caso se publicarán imaxes que inclúan contidos que poidan resultar ofensivos ou contrarios aos obxectivos do concurso.
- A cada fotografía publicada se lle asignará un código para participar no sorteo de 10 xantares/ceas. Unha vez finalizado o prazo de publicación, sortearanse 10 xantares/ceas para 2 persoas en establecementos hostaleiros de Carballo, a consumir cando a normativa legal así o permita. O sorteo será público e anunciarase a súa data coa suficiente antelación na web do Concello www.carballo.gal e nas propias redes de Turismo Carballo, onde tamén se publicarán os resultados.
- Con posterioridade ao concurso, a Concellaría de Promoción Económica e Turismo organizará unha exposición e unha publicación a partir dunha escolma das fotografías participantes co obxecto de deixar testemuño das “miradas” dos veciños e veciñas.

Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE CARBALLO, con dirección PRAZA DO CONCELLO S/N, 15100 - CARBALLO (A CORUÑA); contacto: lopd@carballo.gal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria do concurso. A participación no concurso implica a aceptación destas bases, que estarán publicadas nas redes sociais de Turismo Carballo.